


HISTORIA SOCIAL DA LINGUA GALEGA

1. Os primeiros tempos

O **galego** é unha **lingua latina**, pero conserva no seu léxico pegadas dos idiomas falados polos pobos que ocuparon o territorio de Galicia antes da chegada dos romanos e daqueles outros que se estableceron posteriormente ou cos que se mantivo contacto cultural.



O galego é fundamentalmente o resultado da evolución do latín que os romanos trouxeron ao noroeste peninsular.

No galego actual permanecen algúns restos dos idiomas que se falaban en Galicia antes da chegada dos romanos (nomes comúns como *veiga* ou *croio* e numerosos topónimos como *Sar*, *Oza* ou *Barallobre*). Tamén os hai das linguas daqueles pobos que se estableceron na Idade Media en Galicia ou cos que, con posterioridade, se mantivo algún tipo de contacto cultural. Con todo, o galego é fundamentalmente o resultado da evolución do latín que os romanos trouxeron tras a conquista do noroeste peninsular.

Xa en tempos do Imperio Romano se falaba en Galicia un **latín con características peculiares**, derivadas da situación periférica da Gallaecia. O seu afastamento de Roma e a mala comunicación co resto do Imperio dificultaban a chegada das innovacións foráneas e a exportación das propias.

Coa **desaparición do Imperio**, estas condicións agudizáronse e a incomunicación dos distintos reinos xermanos que sucedeu á unidade política e cultural romana **traduciuse en derivas diferenciadas do latín nas distintas partes do extinto Imperio**.

2. Nacemento do galego



A **transformación do latín en galego produciuse de maneira progresiva e imperceptible**. Por iso, é imposible dar unha data precisa a partir da cal a lingua falada xa pode considerarse galego. A **finais do século VIII** o latín da Igrexa e da Administración é tan distante da fala do pobo que xa se pode falar de **dous sistemas diferentes: o latín e o galego**.

O **latín**, como **lingua literaria e relixiosa**, continuou a ser vehículo da liturxia, da literatura e dos actos xurídicos e administrativos, mesmo cando xa resultaba incomprendible para o público en xeral. Esta situación diglósica comezou a crebar no **século XII**, cando **apareceron os primeiros textos**

escritos en galego.

3. A Idade Media

Durante a Idade Media o galego foi a lingua de comunicación oral habitual de todos os estamentos sociais e, a partir do século XII, tamén foi gañando terreo con respecto ao latín nos usos escritos.

Na Idade Media, período de esplendor do galego, a nosa lingua cultivouse na lírica e na prosa literaria, administrativa, notarial, xurídica e relixiosa.

> O galego entre os séculos VIII e XII

Durante a emerxencia dos reinos cristiáns na época da Reconquista, **Galicia constitúe unha unidade política con Asturias e León**, coa excepción dos reinados de don García (1065) e Afonso Raimúndez (1111). A pesar desta dependencia, **o poder do que gozaban a nobreza, a Igrexa e os mosteiros galegos, así como a importancia que acadara Santiago como centro relixioso e cultural, permiten o desenvolvemento do galego** sen máis competencia ca o latín para certos usos escritos.

> Séculos XII a XV: o galego, lingua literaria

As condicións sociopolíticas dadas a partir do século XII permitiron a aclimatación en Galicia da **poesía trobadoresca**. Durante esta época é **a galega**, entre as da Península Ibérica, **a lingua lírica por excelencia**. O noso idioma soaba en boca de **trobadores e segreiros en todas as cortes de España** e eran moitos os poetas de **fóra** de Galicia que adoptaban o galego como lingua poética.

Un xénero literario de gran difusión na Europa da Idade Media é o relato de milagres, con función devota e propagandística. Unha das **máis importantes coleccións de milagres marianos de Europa está recollida nas Cantigas de Santa María**, de Afonso X o Sabio. Ademais do seu indubidable valor musical, son un monumental documento lingüístico do florecemento do galego nesta época.

Os grandes temas da literatura europea da época tiveron tamén reflexo na **prosa galega medieval**. En galego puidéronse ler os libros das Aventuras dos cabaleiros da Mesa Redonda, a Historia de Troia, Os milagres de Santiago e tamén a Historia Universal e a Historia de España.

As **condicións sociopolíticas da Galicia do século XV impediron a continuidade desta produción literaria**.

> Séculos XIII a XV: o galego na vida social

O galego era a lingua oral de todos os estamentos sociais. Tamén era a **lingua escrita de todo tipo de actos** (notariais, xudiciais e administrativos), tanto **públicos** coma **privados**. O galego cultivouse na **prosa administrativa** (regulamentos de gremios e confrarías, actas dos concellos...), na **notarial** (contratos privados, testamentos, libros de contas...), na **xurídica** (demandas, preitos,

traducións de tratados legais...), **científica** (Tratado de albeitaría) e **relixiosa** (sermóns, lecturas sagradas).

Ben é certo que xa dende **a metade do século XIII, durante o reinado de Fernando III, comeza a penetración do castelán en documentos que teñen como orixe ou destino a Corte.**



4. Tempos de dificultades

A fins do Medievo, a **lingua galega entrou nun período de decadencia nos seus usos formais e literarios**, provocado fundamentalmente por un contexto sociopolítico dominado por unha **clase mandataria foránea e allea aos intereses culturais e identitarios de Galicia**.

Malia a pervivencia da lingua no ámbito privado e nos contextos de comunicación informal, o **galego estivo ausente dos usos formais e escritos durante un longo período de tres séculos –XVI, XVII e XVIII–, chamados Séculos Escuros**.

No entanto, no **século XVIII** houbo voces que, influenciadas polos ideais **ilustrados**, mostraron a súa preocupación polo subdesenvolvemento do galego e **propugnaron a súa estandarización e a súa introdución nas escolas**.

Figura senlleira desta época é o padre bieito **frei Martín Sarmiento** (1695-1779). Unha das preocupacións de Sarmiento foi o **coñecemento científico do idioma galego**, que recolleu en varios traballos de campo e que estudou en numerosos escritos. O interese filolóxico do bieito polo galego herdouno o frade da mesma orde, **frei Juan Sobreira** (1746-1805). Outra das preocupacións de Sarmiento foi a situación de **marxinación social do galego**. En numerosos lugares denuncia que **o galego non sexa a lingua da alfabetización, da Administración e da Igrexa**.

5. Século XIX

O século XIX marca a **recuperación dos usos literarios do galego**, á vez que (da par dos cambios políticos e económicos que traen o Estado liberal e o capitalismo) se inicia **unha progresiva perda de falantes**.

A principios do século XIX, **o galego era aínda a lingua oral de case toda a poboación**. A partir da metade do século, **o castelán vai substituíndo o galego entre a burguesía urbana**.

Mais o século XIX é tamén o da recuperación do galego como lingua de cultura. **Rexurdimento** é o nome do movemento de renovación que tivo lugar en Galicia nesta centuria e que **supuxo a dignificación literaria da nosa lingua propia**. *Cantares gallegos*, a **primeira obra escrita totalmente en lingua galega**, publicada en 1863 por Rosalía de Castro, inaugurou o chamado Rexurdimento pleno.



Contra **finais do século o uso literario do galego** comezou a estenderse a outros xéneros diferentes do lírico que ata entón predominara, como o **narrativo** e o **dramático**, aínda que con limitacións que confinaban a lingua propia de Galicia nas **temáticas histórica e costumista**.

As **primeiras gramáticas e dicionarios galegos**, esenciais para a súa estandarización, **apareceron tamén no século XIX**.

6. Século XX

A **consolidación do galego como lingua formal e culta tivo lugar**, aínda quen non sen sobresaltos e voltas atrás, no **século XX**. Cara ao seu final, de feito, conseguiuuse o **status de lingua oficial xunto co castelán**, **fixouse a norma ortográfica e morfolóxica** e **introduciuse a lingua propia de Galicia en ámbitos, coma o escolar**, de onde estivera afastado durante séculos.

> Antes da guerra civil

A **recuperación literaria do galego** foi ascendente e alcanzou un alto grao de **desenvolvemento** antes da guerra civil, **superando as restricións de xénero e os condicionantes temáticos** que a mantiveran durante a maior parte do século precedente limitada á poesía e ás temáticas arcaizantes ou ruralizantes.

Da man da **intelectualidade galeguista de preguerra**, **o galego estendeu o seu campo de acción ao ensaio** e tamén fóra do espazo literario para ingresar con enerxía nos da **oratoria política**, o **artigo de prensa** ou as obras de carácter **científico**. Tamén se fixeron esforzos por avanzar na creación dun **galego estándar**, tarefa para a que se creou en **1905**, co impulso de galegos da



emigración, a **Real Academia Galega**. Todas estas angueiras víronse como necesarias para converter o galego nunha lingua axeitada para o industrializado e cada vez máis urbano século XXI. Colectivos ou entidades importantes no desenvolvemento desta tarefa foron a **Xeración Nós**, as **Irmandades da Fala** e o **Seminario de Estudos Galegos**.

Mentres a **elite cultural** poñía o seu esforzo e a súa valía ao servizo do **galego**, a **perda de monolingües neste idioma** ía estendéndose debido á **alfabetización exclusivamente en castelán** e á **falta total de presenza do noso idioma na Administración e na Igrexa**. A influencia positiva da actividade daquela minoría intelectual galeguista non foi abonda para contrarrestar os efectos negativos derivados da situación subalterna do galego.

Durante este período alcanzou un considerable desenvolvemento o **movemento nacionalista**, unha de cuxas reivindicacións era a **devolución a Galicia dos seus dereitos idiomáticos**. Isto encontrou a súa **formulación legal no Estatuto de autonomía, plebiscitado en xuño de 1936**,


que no seu artigo 40 establecía que "serán idiomas oficiais en Galicia o castelán e o galego". É o primeiro recoñecemento legal da oficialidade do galego en toda a historia.

A guerra civil malogrou esta conquista.

> Da guerra civil á democracia

Entre as moitas **consecuencias negativas da Guerra Civil** hai algunhas que afectan moi directamente á recuperación do **idioma**:

1. **Impediu** a entrada en vigor do Estatuto de autonomía, no que se establecía a **cooficialidade do galego**.
2. Truncou o traballo dos **homes** que loitaron pola recuperación idiomática, ben **eliminándoos fisicamente**, ou ben **anulándoos co exilio e o silencio**.



O triunfo do franquismo supuxo a **supresión das liberdades e a implantación dun novo ordenamento** que exaltaba a unidade política de España e que reprimía calquera manifestación de diferencialismo que non fose de carácter folclórico. Nunca os gobernos totalitarios promulgan decretos prohibindo o uso dos idiomas. A aplicación da censura é medida suficiente para desterralos de calquera ámbito que non sexa o estritamente privado. A

propaganda oficialista encárgase de crear conciencia de culpabilidade nos falantes. Isto confirmouse en Galicia.

Por iso hai tamén un **longo período sen publicacións en galego** e, despois, cando se toleran, sofren unha dobre censura: a ideolóxica e a idiomática.

Á parte da deterioración producida pola represión e a propaganda, houbo algúns **cambios** que **repercutiron negativamente na situación social do galego** durante o franquismo:

- Faise obrigatoria a **escolarización** no nivel básico.
- Popularízase a **radio** e, máis tarde, a **televisión**.

Ambos os dous medios, dos que está excluído o galego, son dunha enorme eficacia na difusión idiomática.

Por outra banda, nesta época dáse tamén un forte **crecemento das cidades** coa afluencia de xentes procedentes do campo. En moitos casos, **este cambio de hábitat vai acompañado do abandono do galego e da adopción do castelán**.

A partir da década dos 50, e especialmente despois do ingreso de **España na Unesco**, as **medidas represivas contra o galego atenuáronse**. Isto permitiu que algúns galeguistas sobreviventes da guerra acometesen a empresa de lle transmitir á xente nova o **ideario do vello galeguismo**, fundado principalmente na **defensa idiomática**. Hai que salientar nesta etapa o importante papel da **editorial Galaxia**.

Na **década dos 60** madurou a primeira xeración de galegos que non viviu directamente a guerra civil. Nas principais vilas galegas organizáronse **asociacións culturais que tiñan como fin prioritario a defensa do idioma galego**. Ao mesmo tempo, comezan a organizarse **partidos políticos na ilegalidade**, que denuncian a **represión idiomática** e que defenden nos seus programas a oficialidade do galego. O traballo das asociacións e partidos foi de grande importancia na recuperación da autoestima idiomática.



e do **Instituto da Lingua Galega**.

Arredor do ano **1970**, como consecuencia do ambiente creado na década anterior, comeza dentro da **Universidade de Santiago de Compostela** a **preocupación polo estudo de Galicia**.

No aspecto da **investigación lingüística** ten unha importancia capital a creación da **cátedra de galego** e o labor realizado dentro do **Departamento de Filoloxía Románica**

7. O galego en democracia

A chegada da **democracia** supuxo o recoñecemento do galego como lingua propia de Galicia e da súa cooficialidade co castelán, así como da obriga das Administracións públicas de promovelos.

A nova situación legal do galego esixía para a súa **normalización a codificación gráfica e morfolóxica do idioma**. Aínda que na historia da lingüística galega houbo sucesivas propostas de normativa, a formulación máis completa e coherente, entre as que consideran que o galego é un idioma, son as **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, propostas polo Instituto da Lingua Galega e pola Real Academia no ano 1982**, consideradas como oficiais pola **Lei de normalización lingüística**.

Todos estes cambios fixeron posible a **entrada** e, en moitos casos, o **asentamento do galego**, en **novos ámbitos formais** que lle estiveran vedados, como o da **educación superior, a Administración, a política, os medios de comunicación** etc. Así e todo, na actualidade afronta tamén **dificultades**, fundamentalmente no **ámbito empresarial** e mesmo nos **contextos familiares das principais urbes galegas**, nas que está a aumentar a presenza do castelán como lingua principal dos fogares.

*Tirado da web: o portal da lingua galega:
<https://www.lingua.gal/o-galego/conhecendo/orixe-e-breve-historia>*

